



O Castelo de Soutomaior conta con 400 exemplares de camelias.

Nove xardíns galegos da Ruta da Camelia súmanse á Rede Europea de Xardíns Históricos

Redacción | Nós Diario

Un total de nove xardíns históricos da Galiza, pertencentes á Ruta da Camelia, recibiron onte a súa acreditación como integrantes da Rede Europea de Xardíns Históricos, unha iniciativa declarada Itinerario Cultural Europeo e que abrangue 41 espazos botánicos de 10 países. Os xardíns recoñecidos foron os do Pazo de Mariñán (Bergondo), da Alameda de Santiago, do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra), do Pazo de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa), de Quinteiro da Cruz (Ribadumia), do Pazo de Lourizán (Pontevedra), do Museo Quiñones de León (Vigo) e do Castelo de Soutomaior (Soutomaior). Neste último hai máis de 400 exemplares de camelia, 18 deles centenarios. Este xardín foi o primeiro do Estado español en ser recoñecido como Xardín de Excelencia Internacional de Camelia.